

CUADRANTE



VALLE-INCLÁN:


MATERIAIS PARA UNHA BIOGRAFÍA
MATERIALES PARA UNA BIOGRAFÍA

Nº 0

 Os Amigos
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa

CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

Materiais para unha biografía
Materiales para una biografía

Os Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Director:

Gonzalo Allegue

Consello de Redacción:

Ramón Torrado López

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

José María Leal Bóveda

Francisco Charlín Pérez

Xaquín Núñez Sabarís

Secretaria de Redacción:

Carmen Charlín Pérez

Redacción e Administración:

Casa da Cultura, Vilanova de Arousa.

Apartado de Correos nº 66

Secretario de Administración:

Angel Varela Señoráns

Ilustracións:

Marcela Santórum

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados. A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Presentación.....pax. 3

Manuel Longa Pérez:

“Nacer y crecer en Vilanova”.....pax. 4

Gonzalo Allegue:

“Historia de una casa”.....pax. 12

Francisco Míguez Carballo:

“La Vilanova del XIX:

una aproximación topográfica”.....pax. 25

Ramón Torrado e José M^a Leal:

“Aspectos socio-económicos da

Vilanova de Valle-Inclán”.....pax. 28

E. R.:

“El estudiante Valle-Inclán”.....pax. 36

Víctor Viana:

“Consideraciones sobre el expediente

militar de Valle- Inclán”.....pax. 42

E. R.:

“Sobre el matrimonio de

Don Ramón”.....pax. 48

Francisco Charlín Pérez:

“Onomástica vilanovesa na obra de

tema galego de Valle-Inclán”.....pax. 50

Xaquín Núñez Sabarís:

“Vilanova de Arousa como fonte de

inspiración valleinclaniana”.....pax. 62



ONOMÁSTICA VILANOVEA NA OBRA DE TEMA GALEGO DE VALLE-INCLÁN

Francisco Xavier Charlín Pérez

Baixo este epígrafe abórdase o estudio da presenza que a toponimia e a antroponimia da vila natal do autor teñen nas súas obras de tema galego, considerando como tales aquelas que conteñen referencias explícitas a Galicia ou están ambientadas nela.

Responden a esta caracterización algúns dos contos publicados na última década do século pasado, recopilados en parte en *Jardín Umbrío* (1920); as novelas *Sonata de Otoño* (1902), *Flor de Santidad* (1904) e *Los Cruzados de la Causa* (1908); e as obras dramáticas *El embrujado* (1913), as tres *Comedias Bárbaras: Aguila de Blasón* (1907), *Romance de Lobos* (1908) e *Cara de Plata* (1923); e *Divinas Palabras* (1920).¹

Enténdese onomástica no sentido máis amplo posible, como o conxunto de topónimos e antropónimos rexistrables ao longo da obra arriba citada. Na toponimia téñense en conta os nomes de todo tipo de entidades de poboación, tanto maiores como menores (vilas, aldeas, lugares e parroquias) do mesmo xeito que os accidentes xeográficos (praias, cons, cabos, montes...). Na antroponimia son considerados os nomes de persoa ou apelidos que parezan relevantes, así como os de santos ou advocacións relixiosas exclusivas ou moi arraigadas na xeografía vilanovesa.

O espacio obxecto da análise non quedará acoutado exclusivamente ao núcleo urbano de Vilanova e territorio parroquial circundante, senón que comprenderá tamén o que dende 1835² forma parte administrativa do seu concello. Por coherencia espacial e para evitar dislocacións, incluíranse ás veces lugares que pertencen a concellos limítrofes. É o caso de *Aralde* ou *Galáns*, entidades de poboación pertencentes ao Concello de Vilagarcía, pero que forman un espacio unitario con *Rúa Nova* ou *András* na obra de Valle.³

DÚAS CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

Mais antes de realizar calquera incursión na identificación de espazos, cómpre facer dúas observacións sobre a maneira de tratar estes que Valle tén na súa obra.

— En primeiro lugar, parece necesario recordar que non estamos ante un escritor adscrito á técnica de narrar, de describir espazos característica do Realismo. A meticulosidade e exactitude coa que se nos presentan neste movemento conxuntos urbanos

¹ Utilízanse as seguintes edicións, en adiante citadas por abreviaturas:

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Jardín Umbrío*. Espasa-Calpe. Colecc. Austral. Madrid 1994. 8ª Ed. (En adiante citado como JU).

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Sonata de Otoño en Sonatas*. Espasa-Calpe. Madrid. 1969. (En adiante citado como SO).

ou paisaxes, non van ser posibles nunha literatura innovadora como a de Valle, quen, dende os inicios da súa obra, constrúe os espacios narrativos recompoñendo elementos dispersos pola xeografía ou a arquitectura reais, nun intento de modificar a realidade física. É por iso que a exacta reconstrucción que se pode facer do Madrid de Galdós en *Fortunata y Jacinta*, ou da Compostela medieval en *A Tecedeira de Bonaival* de López Ferreiro, por citar dous exemplos suficientemente representativos, non é trasladable á Flavia Longa ou Viana del Prior de Valle, construídas literariamente “ex novo”, mesturando elementos espaciais (rúas, prazas...) e arquitectónicos (pazos, pontes), unhas veces inventados e outras tomados parcialmente da realidade, identificables respectivamente en *Romance de Lobos* coa Pobra do Caramiñal e Vilanova, pero imposi-

bles de verificar como aquelas outras.

— En segundo lugar, temos que destacar dentro da obra “galega” de Valle, a coexistencia de topónimos reais ao lado de topónimos inventados. É de notar que os primeiros fan normalmente referencia a lugares menores, que aparecen co seu verdadeiro nome, o que nunca sucede coa toponimia maior.⁴ O nome da súa vila natal, Vilanova, —por exemplo— nunca aparece literariamente; só ao final do conto “Rosarito”, para indicar o lugar onde fora escrito. Tampouco aparecen polo seu nome real as demais vilas importantes da Ría de Arousa, nin o nome desta. En cambio, entran a formar parte da materia literaria do autor, topónimos menores como Corón, Andrés ou Cálogo, para lugares, ou microtopónimos como a “praia das Sinas ou o Con do Frade” para os accidentes xeográficos.

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Flor de Santidad*. Espasa-Calpe. Colecc. Austral. Madrid 1984. 7ª Ed. (En adiante citada como FS).

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Los cruzados de la causa*. Espasa-Calpe. Colcc. Austral. Madrid 1985. 8ª Ed. (En adiante citado como CC).

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *El Embujado en Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*. Espasa-Calpe. Madrid. 1996. 7ª Ed. (En adiante citado como E).

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Aguila de Blasón*. Espasa-Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1972. 3ª Ed. (En adiante citada como AB).

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Romance de Lobos*. Espasa-Calpe. Colecc. Austral. Madrid 1984. 8ª Ed. (En adiante citada como RL).

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Cara de Plata*. Espasa-Calpe. Colecc. Austral. Madrid 1994. 9ª Ed. (En adiante citada como CP).

—VALLE-INCLÁN, Ramón María. *Divinas Palabras*. Espasa-Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1961. (En adiante citada como DP).

² A partir da nova división territorial do Estado en municipios e provincias levada a cabo por Javier de Burgos.

³ Foi un antepasado de Valle, J. Antonio del Valle Inclán quen no século XVIII consegue que o lugar de Rúa Nova pase da fegresía de S. Martiño de Sobrán en Vilaxoán á de Andrés, alegando maior proximidade a esa parroquia, como nos informa o P. Crespo Pozo en *Blasones y Linajes de Galicia*.

⁴ Mención aparte merece a referencia explícita a Santiago, inicialmente chamada “Brumosa”, pero finalmente aludida polo seu nome real propio.

Coa excepción de Santiago, onde se sitúa a acción do conto “Mi hermana Antonia”, algunhas escenas de AB ou o lugar onde estudian as fillas de Concha en SO, tódalas obras de temática galega de Valle están ambientadas nas marxes norte e sur da Ría de Arousa. O estudio norteamericano Willian J. Smither no seu estudio titulado *El mundo gallego de Valle Inclán*⁵ observa a masiva concentración de topónimos de ámbito arosán, cunha distribución que daría seis para a Iria padronesa e dezaseis para o Barbanza, “en contraste”—di Smither—” con esas dos partes del ámbito arosano, el Salnés se señala con veintisiete indicaciones reales de localización”. Esta obviedade levaría a dicir a Valentín Paz Andrade⁶ que “la comunión del escritor con el Valle del Salnés, fue tan entrañable que habría de convertirse en fondo geográfico dominante de su obra”.

Pois ben, da mesma forma que Arousa e Salnés concentran a topónimia galega, dentro deste “la mayor concentración está entre Villagarcía y Cambados, extendiéndose al este a la margen izquierda del Umia”⁷. Consideramos clave esta última afirmación de Smither, porque está sinalando os espazos que aquí serán considerados como os dous focos de localización da obra de ambientación parcial ou totalmente saliniense.

⁵ WILLIAN J. SMITHER. *El mundo gallego de Valle Inclán*. Ed. Do Castro. Sada. A Coruña. 1986. px. 22.

⁶ PAZ ANDRADE, Valentín. *La anunciación de Valle Inclán*. Akal. Madrid. 1981. (px. 29).

⁷ W.J. SMITHER. *opus cit.* px. 22.

⁸ W.J. SMITHER: *opus cit.* px. 22.

⁹ Faremos unha excepción cos contos recopilados primeiro en Jardín novelesco (1903) e logo en *Jardín Umbrío* (1920), que deixamos para o final.

Efectivamente, podemos considerar a existencia de dous focos tanto no que se refire á concentración na localización de topónimos, como á ambientación principal. Un deles estaría situado no eixo que vai de Vilanova a András, ou o que é o mesmo, do Pazo do Cuadrante ao de Rúa Nova, na metade máis mariñá do concello. Aquí estarían RL, parcialmente AB, E, e hipotéticamente DP. O outro sería o que “extendiéndose al este” ubicaríamos en “la margen izquierda del Umia”⁸, tocando só tanxencialmente ó concello na súa parroquia de Baión. Estamos a falar, por exemplo, das referencias ao viño da Fontela, en SO.

Debemos destacar tamén que en ocasións, elementos que se consideran de orixe vilanovesa como a criada Micaela (trasunto de Micaela la Galana) ou Prior ou Priorato, inspirados no nome da zona onde está o Pazo do Cuadrante, poden aparecer integrando espazos en principio, non identificables con Vilanova.

A continuación, e seguindo a orde cronolóxica de publicación,⁹ veremos que elementos vilanoveses, ben illados, ben formando un conxunto coherente, aparecen en Valle, na súa obra ambientada en Galicia.



Praia de Vilanova

SONATA DE OTOÑO (1902)

É a única das Sonatas ambientada en Galicia, concretamente no val do Umia, no espacio que de Lantañón vai a Viana del Prior, pasando pola Fontela de Baión. Aquí estaría o Pazo de Brandeso. Pertence pois ao segundo dos focos de localización antes sinalados.

Xavier, marqués de Bradomín, lembra a visita que nos últimos días de vida, lle fixera á súa curmá Concha, o seu amor de xuventude, coas esporádicas visitas que recibían do tío Don Juan Manuel Montenegro.

As referencias á toponimia vilanovesa son as seguintes.

—Á Fontela¹⁰ lugar da parroquia de Baión, cando Don Juan Manuel Montenegro lle di ao Marqués de Bradomín: “(...) te aseguro que este vino de la Fontela es el mejor vino de la comarca”. (SO, 340).

—A San Miguel de Deiro, parroquia deste concello, cando Don Juan Manuel lle recorda ao Marqués de Bradomín, que dende hai tres séculos ten o privilexio de ser recibido baixo palio “(...) en las feligresías de San Rosendo de Lantañón, Santa Baya de Cristamilde y San Miguel de Deiro” (SO, 356), sendo este último o único topónimo real completo dos tres mencionados.

—Na antroponimia, o recordo que Valle ten de Micaela la Galana, ama de cría, contadora e transmisora de contos no Pazo do Cuadrante, fai acto de presenza aquí: “Es Micaela —di Concha—, la doncella de mi madre. ¡La pobre está ciega!”. (SO,332).

FLOR DE SANTIDAD (1904)

Para Smither, pode estar ambientada no Salnés,¹¹ aínda que a exac-

¹⁰ Existe outra Fontela preto do pazo de Rúa Nova, no camiño que por Aralde e Vista Real, desemboca no “Camiño Vello” que conduce a Vilanova.

¹¹ W.J. SMITHER: *op. cit.* px. 42.

tidade xeográfica estea moi difuminada. Narra as vicisitudes polas que pasa a xoven e mística Ádega, orfa de pais, recollida primeiro nunha venta na que coida as ovellas a cambio da mantenza, e logo na vila, na procura de casa onde servir... Aquí, descansando na sombra en compañía de “viejas parletanas”, aparece un cego que recoñecendo a voz dunha delas dille “¿Eres Sabela la Galana?” (FS 71), reminiscencia da Galana vilanovesa. Mesmo o cego, chamado Electus, recoñece que busca criado novo porque “al que tenía denantes abriéronle la cabeza en la romería de San Amaro” (FS 75). A romería de San Amaro celébrase en Vilanova o 15 de xaneiro. A sona de tal evento exténdese por toda a comarca do Salnés, da que acoden moitos devotos. Ata finais da década dos corenta deste século, esta romaría celebrábase na capela adicada ao santo que, hoxe en ruínas, está na praza do mesmo nome. Foi vendida para sufragar a construción da nova igrexa parroquial de San Cibrán, que substituíu á antiga igrexa da praza da Pastoriza. Non é pois a capela de San Amaro “la parroquia anterior que vio el bautizo del autor”, como afirma Smither¹²

AGUILA DE BLASÓN (1907)

O vello fidalgo D. J. Manuel Montenegro vive amancebado con Sabelita, súa afillada, no pazo de Viana del Prior. Dona María, súa muller, que vive na outra banda da ría, en Flavia Longa, ven a velo na procura de perdón para os cinco fillos. Sabelita, arrepentida ante a presenza da madriña, marcha solitaria. Dona

María, tras dar co seu paradeiro, vai onda ela. Mentres, Sabelita tenta suicidarse no río. Non o consegue, salvada finalmente por un barqueiro, e regresa con Dona María...

A acción transcorre no pazo de Don Juan Manuel en Viana del Prior e no seu entorno, con Dona María, que sabemos vén de Flavia Longa, á que consideraremos Vilanova en RL. Valle introduce os seguintes elementos que consideramos de orixe vilanovesa:

—Na acotación da escena segunda dísenos da criada vella da casa de Don Juan Manuel que “Es Micaela la Roja. Sirve desde niña en aquella casona hidalga y conoció a los difuntos señores” (AB,15). Volve aparecer este nome, asociado á infancia de Valle. Na mesma escena di La Roja:” cuenta que le seguían unos hombres que estaban ocultos en el Pinar de los Frailes” e contesta Doña Rosita “¿sería la gavilla de Juan Quinto?” (AB, 18), onde o autor introduce un personaxe, o foraxido Juan Quinto, que tiña atemorizado ao Salnés, suceso efectivamente relatado por Micaela la Galana a Valle¹³. O “Pinar de los Frailes” podería ser relacionado co lugar da Frada en Vilanova, onde situaremos o Con do Frade en RL.

—Na súa fuxida, Sabelita bautiza ao neno que tiña mal de ollo dicindo “tendrás el nombre de San Amaro glorioso”.

ROMANCE DE LOBOS (1908)

O vello fidalgo Don Juan Manuel Montenegro, que volve ebrio

¹² W J SMITHER. *op. cit.*

¹³ Ver o conto “*Juan Quinto*” en JU.

dunha feira ao seu pazo de Viana del Prior, topa coa Santa Compañía; alguén entrégalle un cirio. Desperta e vese cun óso na man, interpretándoo como un mal agoiro. Na mesma noite de temporal, un mariñeiro da barca de Abelardo trae unha mensaxe de Flavia Longa que di que Dama María caeu moi enferma. Relaciónao co mal agoiro da noite e decide cruzar a Flavia Longa, na barca de Abelardo, a pesares do temporal. Mentres, no pazo de Flavia, morta D. María, os cinco fillos rifan pola herdanza, amonestados polo capelán. A barca de Abelardo encalla na praia das Sinas e o cabaleiro decide ir andando ata o pazo de Flavia...

Smither, seguindo a Filgueira Valverde,¹⁴ identifica Viana del Prior con Pobra e Flavia Longa con Vilagarcía, en base á similitude Flavia Longa/Santa Eulalia de Arealonga (parroquia nuclear de Vilagarcía). Caamaño Burnacell¹⁵ en cambio, situaa en Vilanova. Nós identificaremos Flavia Longa co foco Vilanova-Pazo de Rúa Nova, tendo en conta os seguintes elementos:

—Don Juan Manuel Montenegro, antes de embarcar, dille ao patrón da barca de Abelardo, que era fillo de Peregrino el Rau, que este gañara unha aposta que consistía en “ir nadando hasta la Isla” (RL,23), desafío de tradición vilanovesa.

—O episodio da barca de Abelardo está inspirado na travesía que Lola Peña, nai de Valle, fai dende Pobra a Vilanova, a media tarde do 27 de Outubro de 1866 a onde arriba a última hora daquel día, cos primeiros

síntomas de parto. A travesía fixérase contra o parecer de Abelardo, tamén o patrón na realidade, que previña por mor do temporal.

—Na escena quinta, velando o cadáver de D. María, D. Moncha, sobriña, e Benita la Costurera, muller de Flavia Longa, protesta esta última ante un comentario da sobriña: “! Doña Moncha de mi alma, no diga eso! ¡Santísima Virgen de la Pastoriza!” (RL31). Esta exclamación indica a orixe de Benita la Costurera. A Virxe da Pastoriza é a patrona de Vilanova e a praza e igrexa deste nome están no cerne da vila, a poucos metros da casa natal do autor.

—Cando a barca de Abelardo, co velame roto, encalla en “una playa de pinares” (RL35), di o patrón: “Este arenal paréceme que debe ser el arenal de las Inas. Busca a ver si descubres el Con del Frade.” (RL.35). Efectivamente, desde este areal vilanovés era posible divisar o “Con do Frade” situado na chaira que rodea a vila, concretamente no lugar da Frada, que xunto co Priorato (zona de Vilanova onde está o Pazo do Cuadrante) sobreviven como reminiscencias toponímicas do desaparecido mosteiro bieito de San Cibrán de Cálogo.

—Logo da escena anterior, óese unha campá e o cabaleiro comenta: “Debemos hallarnos cerca de San Lorenzo de Andrés” (RL,36). Na xornada segunda, durante o expolio que da capela do pazo fan os fillos D. Pedrito e D. Farruquiño, comenta este último que “las trojes hoy están vacías, y no hace una semana estaban llenas, por-

¹⁴ FILGUEIRA VALVERDE, J.: *Valle Inclán en su paisaje*. El Museo de Pontevedra, IX, 1955, px. 137-148.

¹⁵ CAAMAÑO BURNACELL, J.: *Por las rutas turísticas de Valle Inclán*. Madrid, 1971, px 82-83.

que mi madre había cobrado los forales de Andrés¹⁶ y de Corón¹⁷...” (RL,48)

—Máis adiante e na mesma escena, di D. Farruquiño: “!Dispensa, pero para eso estás encima, Glorioso San Miguel!” (RL,52), en clara referencia ao patronato da capela de Rúa Nova.

—Non podía faltar finalmente a alusión a Micaela la Galana en “Micaela la Roja, que conoció a los difuntos señores cuando entró de rapaza de las vacas, por el yantar y el vestido...” (RL,97).

Parece claro, por todo o anterior, que Flavia Longa debe ser asociada a Vilanova nos espacios exteriores e ao pazo de Rúa Nova nos interiores.

LOS CRUZADOS DE LA CAUSA (1908)

Nesta primeira novela da triloxía “La guerra carlista” detectamos a presenza illada de varios elementos onomásticos vilanoveses:

—Cando as voces das vellas murmuraban que “...bajo el Crucero de la Barca dicen que hay soterrados cientos de fusiles” (CC,8) está presente o recordo do vello cruceiro do que partía o camiño que levaba á barca que no Esteiro vilanovés tiñan os frades.

—A parroquia de Andrés volve aparecer na fantástica referencia a un “Real Monasterio de Andrés” (CC,15).

—Cabería relacionar tamén toponimicamente os “Agros del Fraile” (CC,34) que merca Pedro de Vermo coa

Frada vilanovesa antes citada.

—Tamén aparece a recorrente Micaela, “una criada vieja” (CC,83).

EL EMBRUJADO. TRAGEDIA DE TIERRAS DEL SALNÉS, (1913)

Esta peza dramática, inspirada en sucesos reais¹⁸ pode situarse a xulgar polos escenarios e a frecuencia toponímica, no foco Vilanova-András.

O señor Pedro Bolaño, morto seu fillo traxicamente a véspera da voda coa súa curmá Isoldina, cre que un neno fillo da Galana é seu neto, e por iso quere adoptalo. A Galana esixe moito a cambio e o señor non acepta. Saberemos posteriormente que é fillo ilexítimo de Anxelo (casado con Andreiña). O neno morrerá finalmente de xeito tráxico.

Para Smither¹⁹, la colocación de la casona de Pedro Bolaño no se da concretamente, pero la Galana le pide “los molinos que tiene en Aralde”. “Ya antes supimos” —continúa Smither— “que los llevadores del foral de Andrés vinieron a pagarle a Bolaño”; “esos tres topónimos” —finaliza Smither— “nos dan un sitio reducidísimo en el Salnés”. Nós interpretamos que ese “sitio reducidísimo” é o foco Vilanova-András, apoiándonos nos seguintes argumentos.

—A praia da Braña. Na casa de Pedro Bolaño, as fiadeiras comentan: “JUANA DE JUNO: Cumple un año

¹⁶ Parroquia do concello de Vilanova distante catro quilómetros da capital municipal, onde está situado o pazo de Rúa Nova.

¹⁷ Lugar da parroquia de Caleiro. Dista un quilómetro da capital municipal.

¹⁸ CAMAÑO BURNACELL: *op. cit.* 22-23.

¹⁹ *Op. cit.* 51-52.

para la feria del Santiago, que la vi sentada en La Braña, riendo con un mozo, y atándose el pañuelo.” (E,97), e logo, comenta La Navora: *¡Afanos de loquear y de dar que decir tienen algunas mozas! ¡Con prados y maizales que es una gloria, ir a recoger esquilmo en La Braña!* (E,97). Para Smither²⁰ “Las mayúsculas empleadas por el autor hacen pensar en topónimo” y, en efecto, Eliane Lavaud nos dice que “il existe cinq Brañas en Galice dont trois dans la province de Lugo, ...deux ...dans La Corogne”. “A pesar de su aire de lugar conocido” —continúa Smither— “tenemos que seguir la opinión de Filgueira Valverde quien incluye “Brañas” entre las formas muy generalizadas que no se prestan a identificaciones específicas”. Para nós, Valle está a situar esta escena no areal de A Braña, o máis próximo daquela ao núcleo urbano vilanovés, e hoxe integrado nel.

—A Galana. Rosa Galáns. Unha vez máis, o recordo de Micaela la Galana aparece nun texto de Valle, esta vez aludida co alcume. En E ten de nome Rosa Galáns, apelido inspirado nun lugar homónimo, contiguo a Corón, a dous quilómetros de Vilanova. Na escena do pranto polo seu fillo morto exclama: “!Nuestro señorín de Belén!” (E,133), advocación relixiosa tamén moi presente en Vilanova, onde no centro da vila había unha Capela de Belén, hoxe desaparecida, da que se conserva unha fermosa talla románica na igrexa parroquial.

—Cálogo. Formando parte dunha

“tropa de chalanes” vai “Remigio de Cálago”.(E,114). San Cibrán de Cálago²¹, así debe ser escrito, é o nome da parroquia na que se sitúa o núcleo urbano de Vilanova, que xurdiu en torno ao vello mosteiro beneditino deste nome. Aparece como “Callogo” na documentación altomedieval latina ata que en 1142 o rei de Galicia e logo de León, Castela e Toledo, Alfonso VII, lle outorga carta fundacional co nome de “Villa novam”.

—O “paso da barca” (E129), no que ten lugar o trágico suceso da morte do fillo da Galana, podería estar no río Umia, ou, con máis lóxica xeográfica para esta obra, ser o que había no Esteiro vilanovés no tempo de Valle.

—Anxelo. Este personaxe, home de Andreiña, e verdadeiro pai do fillo da Galana, podería estar inspirado nalgunha vella “historia “vilanovesa”. Aínda hoxe, no Entroido, o día do “Enterro da sardiña” cántase o seguinte:

*Morreu Anxelo
Morreu Anxelo,
Morreu Anxelo,
¡Vaia por Dios!
Quedoulle un fillo
Como un reló*

— Pedro Bolaño. Queda finalmente por decidir a ubicación da casa de Pedro Bolaño. López Chaves e Amor Moreno²², dannos a seguinte información ao tratar do Pazo do Cuadrante: “Francisco de la Peña Cardecid casó

²⁰ *Op. cit.* px. 79.

²¹ SAA BRAVO, H.: voz “CALOGO” in Gran Enciclopedia Gallega.

²² LOPEZ-CHAVES MELÉNDEZ, J.M. e AMOR MORENO, Grato E.: *Inventario Pazos y Torres de la Provincia de Pontevedra*. Tomo III. O Salnés. Deputación de Pontevedra, 1997.



Campanario vello de Vilanova. Último vestixio do Mosteiro de Cálogo

con Josefa Montenegro y Saco Bolaño —de la casa de A Xunqueira, en Vilanova de Arousa—, quienes habrían de ser los abuelos maternos del insigne literato”. Aparecen aquí dous antropónimos valleinclanianos, o Bolaño do que tratamos e o recorrente Montenegro. Deducimos desto o elemento definitivo para fixar o drama en Vilanova e os seus arredores.

DIVINAS PALABRAS (1920)

A cáseque total ausencia de topónimos reais que acontece nesta obra, dificulta a súa ubicación, se ben hai unha mención que, unida á atmósfera xeral da obra, axudaría a decidirse por un espacio saliniense. Na escena quinta, cando están repartindo entre Pedro Gailo, Mari-Gaila e Marica del Reino o

carromato do “Eivadiño”, intermedia o pedáneo, proponendo un reparto por días como se fai cos muíños. Unha mociña intervén e di: “Mi padre muele doce horas en los molinos de Andrés” (DP,42). A única referencia toponímica real é pois Andrés. Poderíamos propoñer hipotéticamente o lugar da igrexa de Caleiro e o Esteiro de Vilanova como os que inspiraron os escenarios desta obra tendo en conta a ubicación da igrexa da que é sacristán Pedro Gailo, “San Clemente, anejo de Viana del Prior. Iglesia de aldea sobre la cruz de dos caminos, en medio de una quinta con sepulturas y cipreses”. (DP13) e que Mari-Gaila “atravesía una calzada por un estero rielante” (DP,90).

CARA DE PLATA (1923)

Hai nesta obra —última Co-media Bárbara publicada, pero primeira na lóxica argumental— un retorno ao espacio de Lantañón. Viana del Prior volve ao Salnés, onde estaba en SO, como sinala Smither²³. Volta-mos pois, ao foco de Baión, suxerido cando D. Jeromita di: “¿Es que vovéis a cuestionar el paso por los arcos?” (CP68) en referencia á ponte de doce arcos baionesa.

JARDÍN UMBRÍO (1920) E OUTROS CONTOS.

Declara o propio Valle en JU que foi Micaela la Galana quen lle contara esas historias cando era el era neno. Ten falado seu fillo Carlos de La Galanucha, que criara a seu pai en Vilanova. A Galana vai aparecer explicitamente no conto “Juan Quinto”, “bigardo” que tiña estremecida “toda la

²³ *Op. cit.* px. 56.

tierra del Salnés” (JU,67).

—No conto “La misa de San Electus” os tres garridos mozos foron mordidos polo lobo rabioso do que se cumprían tres semanas “el día de San Amaro” (JU 110), en referencia á comentada romaría vilanovesa.

—En “Rosarito”, o clérigo da condesa de Cela conta como foi de caza “o día de San Cidrán” (JU, 64).

—En “Mi bisabuelo” aparece nuevamente “Micaela la Galana”, a “vieja aldeana que ha sido siempre la crónica de la familia” (JU,148).

—No conto “Milón de la Arnoya”, que cabería situar no Pazo do Cuadrante, Micaela la Galana, é a un tempo transmisora e protagonista do mesmo. Así, nun fragmento aparece “mi abuela” que “acaba de asomar en el patín, arrastrando su pierna gotosa y apoyada en el brazo de Micaela la Galana” (JU,186).

—En “Nochebuena” un “corro de zagales” que invadiu a cociña da Rectoral do Arcipreste canta fragmentos de cantigas de Nadal, tradicionais de Vilanova, como por exemplo:

*¡Nós aquí venimos,
Nós aquí llegamos²⁴,
Si nos dan licencia,
Nós aquí cantamos!*

Ou

*Esta casa é de pedra
O diaño ergueuna axiña,
Para que durmisen xuntos
O Alcipreste e súa sobriña.*


²⁴ Cántase “chegamos”.

Fóra de JU, en “Zan, el de los Osos”, aparece o “tan solitario y temeroso camino de Gondamil”, que é o que leva de Rúa Nova ao Monte Lobeira, ambos na parroquia vilanovesa de Andrés, atravesando ás Tomadas de Gondomil na aba do monte Armador. Valle Inclán tamén se referiría ao histórico Monte Lobeira nas súas “Cartas Galicianas”.



Cremos, a modo de conclusión, que a onomástica vilanovesa, os nomes de personaxes peculiares do seu tempo, os nomes dos camiños e dos lugares, dos santos ou advocacións que sempre protagonizaron días de festa, están presentes dun xeito determinante na obra galega de Valle.

Non son casos illados. Tódalas parroquias do concello ou parte delas, teñen protagonismo na súa obra, dúas das praias máis emblemáticas da vila (A Braña e As Sinas), Micaela la Galana, a súa ama de cría na que personifica unha auténtica homenaxe á literatura oral popular, aos “contacontos” ou finalmente, a presenza de santos e advocacións relixiosas senlleiras desta vila, constantemente invocadas ou recordadas polos seus personaxes. Todo demostra que os anos vilanoveses de infancia e mocidade deixaron unha impronta perdurable na obra do escritor. Por iso, parece de xustiza revisar o peso que estes tiveron na súa vida e obra.





Concello de Vilanova de Arousa







Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos